

SEMINARIO

Sábado 27 de abril de 2019

A DOBRE ESCOITA: CO-CREANDO HISTORIAS ALTERNATIVAS

ASOCIACIÓN DE TERAPIA FAMILIAR E MEDIACIÓN DE GALICIA

Número de conta BANCO SABADELL GALLEGO:

ES55 0081 0499 6700 0181 8088

Remitir esta ficha de inscripción xunto co xustificante de pago e a documentación requerida antes do prazo límite de recepción a info@atfmgalicia.com.

Teléfono: 615 207 595

(1) Comprobarase na FEATF/SPTF.

(2) Xuntar xustificante actualizado da situación de desemprego.

(3) Xuntar certificación da **Secretaría da Facultade**.

En cumprimento da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos persoais serán incluídos na base de datos da Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia (ATFM) ante a cal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición na Rúa de Amio 114, 15707 Santiago de Compostela.



25 Aniversario 1991-2016



ORGANIZA

Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia

Rúa de Amio 114, 15707 - Santiago de Compostela

Tel.: 615 207 595

info@atfmgalicia.com - <http://atfmgalicia.gal>

Membro da Federación Española de Asociaciones de Terapia Familiar (FEATF)

Asociación Familiar

de Terapia e Mediación de Galicia

SEMINARIO

A DOBRE ESCOITA:

CO-CREANDO

HISTORIAS

ALTERNATIVAS

CARLOS CHIMPÉN

REBECA BASTÓN

Sábado 27 de abril de 2019

Santiago de Compostela

Nome	-----
Enderezo	-----
C.P.	-----
Localidade	-----
Teléfono	-----
Email	-----
Titulación Universitaria	-----
<input type="checkbox"/> Socio/a da ATFM/FEATF/SPTF ⁽¹⁾	30 €
<input type="checkbox"/> Non socio/a da ATFM/FEATF	60 €
<input type="checkbox"/> Desempregado/a ⁽²⁾	30 €
<input type="checkbox"/> Estudiante universitario, máster e 3º Ciclo ⁽³⁾	30 €
<input type="checkbox"/> Solicita factura. NIF:	

SEMINARIO

A DOBRE ESCOITA: CO-CREANDO HISTORIAS ALTERNATIVAS

DATA

Sábado, 27 de abril de 2019

HORARIO

Sábado de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas (acreditaranse 8 horas de formación).

LUGAR

Facultade de Psicoloxía - Campus Vida. Santiago de Compostela.

PRAZAS

Aforo limitado a 100 prazas que se ocuparán en rigurosa orde de recepción. Confirmarase a súa inscrición por correo electrónico. No caso de non cubrir un número mínimo de prazas suspenderase a actividade, realizándose noutra data se é posible.

INSCRICIÓN

Enviarase por correo electrónico a ficha de inscrición xunto co xustificante da transferencia bancaria e a documentación requirida.

- Socios/as da ATFMG ou da FEATF, estudantes universitarios/as, máster, 3º Ciclo e desempregados/as: **30 €**

- Non socios/as da ATFMG: **60 €**

PRAZO

Prazo límite de recepción de inscricións: martes 23 de abril de 2019 ou ata completar todas as prazas.

DIRIXIDO A

Profesionais da terapia familiar, psicoloxía, traballo social, psiquiatría, educación social, servizos sociais, etc, tamén para estudantes universitarios/as de último curso, terceiro ciclo e máster.

PRESENTACIÓN



As historias dan forma ás nosas vidas e impulsan ou impiden a realización de certos actos. Interpretamos o que nos sucede e dámoslle un significado unindo determinados feitos para darlle un sentido, elixindo varios sucesos e outros deixándoos fóra. Vivimos varias historias á vez e non podemos explicar a nosa vida só desde un punto de vista.

Desde as prácticas narrativas búscase enriquecer as historias e as identidades das persoas cun achegamento moi respectuoso, humano e non culpabilizante. Traballa co máis profundo do ser humano, con aquilo que lle move e é importante para el: os seus valores, os seus soños, os seus propósitos, etc, mediante o proceso de preguntar para narrar e re-narrar a historia ata que constitúen unha historia que proporciona unha identidade diferente á que o problema pretendía.

O obxectivo deste seminario é coñecer e desenvolver destrezas nas conversacións terapéuticas que temos coas persoas que nos consultan, colaborando con elas na co-construción da súa historia preferida de vida, afastada da influencia do problema. Así mesmo, presentarse unha metodoloxía propia das Prácticas Narrativas Colectivas para poder traballar con grupos e comunidades.

OBXECTIVOS

- Adquirir coñecementos sobre as prácticas narrativas aplicadas a diferentes contextos, entre eles o tratamento do trauma.
- Comprender que as historias son unha parte central para a comprensión da forma de traballar desde a práctica narrativa.
- Valorar a importancia da linguaxe como mediadora nos procesos interpretativos das historias de vida das persoas.
- Reflexionar sobre a posición do/a terapeuta desde unha

posición de colaboración e co-construción coa persoa que nos consulta.

- Coñecer a importancia de aumentar a axenda persoal a través das prácticas narrativas.

METODOLOXÍA

- Utilizarase unha exposición teórico-práctica a partir dunha metodoloxía dinámica e activa onde o alumnado será o protagonista da actividade.

- Realizaranse exercicios prácticos que conectarán coa exposición teórica.

- Visionado e análise de vídeos.

CONTIDOS

- Introducción e aplicación práctica da técnica a Árbore da Vida.

- A dobre escoita como destreza terapéutica.

- As contrahistorias: reescribindo a historia da nosa vida.

- As historias de resistencia.

CARLOS CHIMPÉN LÓPEZ

Doutor en Psicoloxía Clínica e da saúde pola Universidade de Salamanca; Máster en Terapia Narrativa e Traballo Comunitario pola Universidade de Melbourne e o Dulwich Centre (Australia); Director do Máster de Terapia Narrativa e Traballo Comunitario da Universidade de Estremadura. Presidente da Asociación Española de Terapia Narrativa (AETEN).

REBECA BASTÓN PAZ

Licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela; Máster en Terapia Narrativa e Traballo Comunitario pola Universidade de Estremadura; Terapeuta Familiar.

